

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A FUNDACIÓN STANPA PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA “PONTE GUAPA TE SENTIRÁS MEJOR”, NO HOSPITAL UNIVERSITARIO DE OURENSE (ÁREA SANITARIA DE OURENSE, VERÍN E O BARCO DE VALDEORRAS)

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, **DECLARA:**

Que o Servizo Galego de Saúde formalizou coa Fundación Stanpa o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia de catro anos a contar dende o día seguinte ao da súa sinatura, susceptible de ser prorrogado.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre as partes de cara a implantación e desenvolvemento do programa de voluntariado denominado “*Ponte guapa, te sentirás mejor*” no Hospital Universitario de Ourense. Trátase dun programa mundial de responsabilidade social da industria cosmética respecto do que a fundación ostenta os dereitos de uso en exclusiva para España, e que está baseado na realización de talleres gratuítos de cosmética e maquillaxe, con produtos doados de xeito altruísta, e atendidos por persoal titulado en estética (persoal voluntario), dirixidos a pacientes que se atopan en tratamento oncolóxico, de acordo cos criterios establecidos polo Servizo de Oncoloxía daquel hospital.

O obxectivo deste programa é proporcionar aos pacientes en tratamento unha formación práctica sobre o coidado da pel e a maquillaxe que, atendidas as súas especiais circunstancias, lles axude a recuperar un aspecto natural e saudable.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxectivo referido.

Que o instrumento convencional que se asina se fundamenta no seguinte:

A Fundación Stanpa é unha organización sen ánimo de lucro que persecue, entre outros fins, axudar e apoiar a pacientes con cancro, especialmente mulleres, ao restablecemento da propia imaxe para con iso tratar de axudar a recuperar a súa autoestima e autoconfianza na loita contra a enfermidade. Pola súa banda, o Servizo Galego de Saúde, a través da Área Sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras, está interesado en promover o voluntariado no seo do seu hospital de referencia, entendendo este como unha oportunidade e como unha ferramenta axeitada para contribuír á mellora das condicións de vida dos seus pacientes, engadindo así valor á asistencia prestada.

Por todo o anterior, as partes asinantes están interesadas en colaborar, aproveitando os seus recursos, para favorecer á consecución de obxectivos comúns. Así pois, os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela.

